

CONCELLO DE POIO

Ref: MC

(Secretaría)

ACTA DA SESION ORDINARIA, NÚMERO CINCOCENTAS VINTE E SETE REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E TRES DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZASEIS.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do día vinte e tres de febreiro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencia dos Srs./as. Concelleiros Xosé L. Martínez Blanco, Silvia Díaz Iglesias, Margarita Caldas Moreira, Lidia Salgueiro Piñeiro, Jose Angel Lodeiro Cancela, Angel Moldes Martínez, Rocío Cochón Castro, Natividad Torres Balea, Cándido Muiños Balea, Juan José Rodríguez Grandal, Marcial García Freijeiro, M^a Consuelo Besada Lores, Gregorio L. Agís Gómez e Rosa Fernández González; escusa a non asistencia a Interventora Municipal Olga Fernández Rodríguez. Actuando a Secretaria Xeral do Concello D^a. Paula Díaz Ramos. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

4202.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 26 DE XANEIRO DE 2016, NÚM. 526.- De conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta do contido da acta do pleno número 526 correspondente á sesión do 26 de xaneiro de 2016 e ao non formularse alegación ou observación ningunha á mesma esta queda aprobada polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros.

Neste momento entra no Salón os Concelleiros D. Manuel Domínguez Álvarez e D. Xulio Barreiro Lubián.

4203- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Dáse conta pola Secretaria do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: “4193.- ESCRITO VARIOS COLECTIVOS DO SECTOR DO MAR DESTA CONCELLO SOLICITANDO QUE SE INSTE A RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE LEI DE ACUICULTURA DE GALICIA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Presidencia da Xunta de Galicia, Consellería do Medio Rural e do Mar, Grupos Parlamentarios do Parlamento Galego e as Confrarías de Raxó, Pontevedra e Lourizán; 4194.- MOCIÓNS, GRUPO MUNICIPAL POPULAR, MOCIÓN PARA IMPULSAR O TRÁMITE DIALOGADO DO PROXECTO DE LEI GALEGA DA ACUICULTURA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e procedeuse ao seu arquivo; 4195.- MOCIÓN, GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, MOCIÓN SOBRE A LEI DE ACUICULTURA DE GALICIA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e procedeuse ao seu arquivo; 4196.- ACTUALIZACIÓN TÁBOA SALARIAL DO PERSOAL LABORAL DO CONCELLO DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Intervención e Tesourería e comunicouse ao Consellería de Traballo-Servizo de Relacións Laborais; 4197.- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA N° 2/2016 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON BAIXAS NOUTRAS APLICACIÓN.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e Taboleiro de Anuncios; 4198.- MODIFICACION DO ANEXO DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e Taboleiro de Anuncios; 4199.- DAR CONTA INFORME CUARTO TRIMESTRE EJERCICIO 2015 RELATIVO AO CUMPRIMENTO DA PREVISIÓN ESTABLECIDA NO ARTIGO 10 DA LEI 25/2013, DE IMPULSO DA FACTURA ELECTRÓNICA E

CREACIÓN DO REXISTRO CONTABLE DE FACTURAS NO SECTOR PÚBLICO E NO ARTIGO 4 LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 20 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITADE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE EN OPERACIÓNS COMERCIAIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 4200.- TRAMITACIÓN EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DA CUALIFICACIÓN XURÍDICA DE DESAFECTACIÓN DO BEN INMOBLE DESTINADO A ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL SITA EN CAMIÑO TARRIO 21 DO LUGAR DE TARRIO NA PARROQUIA DE SAMIEIRA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e Taboleiro de Anuncios e solicitouse informe da Consellería de Educación.; 4201.- ESTATÍSTICA-ALCALDÍA, PROPOSTA SOBRE DIVISIÓN MESAS ELECTORAIS DO DISTRITO 02 – SECCIÓN 01 NO LOCAL ELECTORAL CARREIRO DO CAMPO, 17, COMBARRO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse ao Instituto Nacional de Estatística en Pontevedra.”.

A Corporación dáse por enterada.

4204.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria xeral dáse conta das resolucións da alcaldía adoptadas desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos membros corporativos xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día.

A corporación dáse por enterada.

4205.- INTERVENCIÓN-URBANISMO, SOLICITUDE DE BONIFICACION NA COTA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) PRESENTADA POR D. MANUEL AROSA MUÑIZ EXP. 444/15 POR OBRAS VIVENDA EN CARREIRO DAS VEIGAS 13 EN COMBARRO.- Dáse conta do expediente formado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada com data 15 de febreiro de 2016 e que di textualmente: “Dáse conta do expediente tramitado a instancia de D. Manuel Arosa Muñiz, exp. núm. 444/15 mediante instancia presentada no Rexistro Xeral do Concello de Poio o día 16 de decembro de 2015, solicitando a exención do 95% da cota do ICIO segundo o establecido no artigo 4.5 d) da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e que se lle devolva o que corresponda por obras no interior da vivenda en Carreiro das Veigas núm. 13 do lugar de Combarro.

Consta no expediente informe favorable da interventora municipal de data 25 de xaneiro de 2015.

A Comisión por unanimidade, de conformidade có sinalado no indicado precepto, acordou ditaminar favorablemente a declaración de especial interese as obras correspondentes a dito expediente tramitado polo departamento de urbanismo núm. 444/15, por concorrer nas mesmas circunstancias histórico-artísticas, ao estar incluídas dentro do ámbito de aplicación do Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Combarro e a aprobación da bonificación do 95% na cota do ICIO devengada. ”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a declaración de especial interese das obras correspondentes a dito expediente tramitado polo departamento de urbanismo núm. 444/15, por concorrer nas mesmas circunstancias histórico-artísticas, ao estar incluídas dentro do ámbito de aplicación do Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Combarro.

Segundo: Aprobar a bonificación do 95% na cota do ICIO devengada.

Terceiro: Dar traslado do presente acordo ao Departamento de urbanismo e notificar a D.

Manuel Arosa Muñiz con indicación de que contra o presente, poderá interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, a contar desde a notificación, ao que se refire o artigo 108 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do réxime local, tal e coma preceptúa o artigo 14.2º do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, de acordo coas condicións previstas no mencionado artigo.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa; dito recurso deberá resolverse no prazo de 1 mes desde a formulación do recurso de reposición e pasado este mes enténdese desestimado.

Así mesmo, advírtese que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así coma exercer as accións que proceda ante a xurisdición competente.”

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

4206.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA DA OBRIGA DE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS DOS DATOS REFERENTES AO CUARTO TRIMESTRE 2015.- Dáse conta do expediente formado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada com data 15 de febreiro de 2016 e que di textualmente: “A interventora municipal da conta do expediente manifestando que dando cumprimento á Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro remitiuse, o pasado 19 de xaneiro de 2016, a obriga trimestral de subministro de información das Entidades Locais ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas con relación os datos referentes ao cuarto trimestre do exercicio 2015.

A Comisión dáse por enterada.”.

Non suscitándose debate ningún, a corporación dáse por enterada do trámite realizado.

4207.- INTERVENCIÓN, RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 1/2016.- Dáse conta do expediente formado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada com data 15 de febreiro de 2016 e que di textualmente: “Dáse conta do expediente, da Providencia da Alcaldía de data 11 de febreiro de 2016 e do informe de reparo da Intervención Municipal de data 11 de febreiro de 2016.

A interventora municipal explica o contido do expediente indicando que se trata do recoñecemento extrajudicial de crédito nº 1 que consta de facturas correspondentes ao anterior exercicio 2015 as cales non foron obxecto de aprobación no mencionado exercicio 2015 en virtude da falta de crédito orzamentario e que ascenden a un importe total de 123.354,32 euros e tendo en conta que as obras ou subministros obxecto das mencionadas facturas se recibiron de conformidade, se procede a propoñer a aprobación destas facturas correspondentes o capítulo VI do estado de gastos, que posúen crédito suficiente no Orzamento do exercicio 2016 logo de realizar unha modificación orzamentaria mediante xeración de crédito en virtude da subvención concedida pola Deputación Provincial ao abeiro do Plan Concellos 2016, para as axudas relacionadas coa liña 2.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 3 votos en contra do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a adopción dos seguintes acordos: 1º) Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe, de data 11 de febreiro, motivado na existencia de facturas para as que non existía crédito para a súa aprobación no seu exercicio orzamentario 2015 as cales figuran na relación que obra no expediente por importe de 123.354,32 euros por entender que, o tratarse de servizos ou subministros correctamente prestados á Administración Local durante o pasado exercicio 2015, a non aprobación das facturas daría lugar o chamado “enriquecemento inxusto da Administración” e motivado tamén en non seguer agravando os prazos de pago fixados na lexislación vixente. 2º) Aprobar o recoñecemento dos créditos que figuran na relación de facturas nº 2 que se xunta, que comprende un total de 12 facturas e que comeza coa factura nº

1108.00 de Narom empresa constructora, emitida en concepto de “Excavación en cimientos muro rotonda circunvalación” por importe de 5.701,33 euros e remata coa factura nº 363N150244 de Api Movilidad S.A. emitida en concepto de “Barrera de seguridade en Riomouro y V.G.4.8.” por importe de 8.120,92 euros, correspondente a facturas do exercicio 2015 que ascende a un importe de 123.354,32. 3º) Aplicar con cargo ao orzamento do exercicio 2016 os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponde nas cales se efectuaron as correspondentes retencións de crédito e 4º) Aprobar o endoso das facturas nº231, nº232, nº233 e nº234 da empresa Fontefria S.L, emitidas por importes respectivamente de 6.685,98€, 3.117,44€, 15.358,53€ e 18.845,19€ as cales foron obxecto de endoso a Estación de Servizo Xesteira S.L (C.I.F B-36.17.478) para o seu abono no número de conta ES92-0081-5595-08-0001035214.”.

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido do expediente manifestando que se trata de facturas correspondentes ao exercicio 2015 que non tiñan crédito e que neste momento xa se poden tramitar porque se dotaron com fondos no 2016.

A Sra. Besada Lores di que o seu grupo vai votar a favor porque se trata de pagar facturas de obras necesarias realizadas.

O Pleno da Corporación por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención aprobou o ditame emitido pola Comisión adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe, de data 11 de febreiro, motivado na existencia de facturas para as que non existía crédito para a súa aprobación no seu exercicio orzamentario 2015 as cales figuran na relación que obra no expediente por importe de 123.354,32 euros por entender que, o tratarse de servizos ou subministros correctamente prestados á Administración Local durante o pasado exercicio 2015, a non aprobación das facturas daría lugar o chamado “enriquecemento inxusto da Administración” e motivado tamén en non segru agravando os prazos de pago fixados na lexislación vixente.

Segundo: Aprobar o recoñecemento dos créditos que figuran na relación de facturas nº 2 que se xunta, que comprende un total de 12 facturas e que comeza coa factura nº 1108.00 de Narom empresa constructora, emitida en concepto de “Excavación en cimientos muro rotonda circunvalación” por importe de 5.701,33 euros e remata coa factura nº 363N150244 de Api Movilidad S.A. emitida en concepto de “Barrera de seguridade en Riomouro y V.G.4.8.” por importe de 8.120,92 euros, correspondente a facturas do exercicio 2015 que ascende a un importe de 123.354,32.

Terceiro: Aplicar con cargo ao orzamento do exercicio 2016 os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponde nas cales se efectuaron as correspondentes retencións de crédito.

Cuarto: Aprobar o endoso das facturas nº231, nº232, nº233 e nº234 da empresa Fontefria S.L, emitidas por importes respectivamente de 6.685,98€, 3.117,44€, 15.358,53€ e 18.845,19€ as cales foron obxecto de endoso a Estación de Servizo Xesteira S.L (C.I.F B-36.17.478) para o seu abono no número de conta ES92-0081-5595-08-0001035214.

4208.- INTERVENCIÓN, RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 2/2016.- Dáse conta do expediente formado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada com data 15 de febreiro de 2016 e que di textualmente: “Dáse conta do expediente e da Proposta da Alcaldía de data 10 de febreiro de 2016 na que se propón o recoñecemento extrajudicial de crédito nº 2 do exercicio que consta de facturas do exercicio 2015 que ascenden a un importe total de 33.367,54 euros e do informe da Intervención Municipal de data 9 de febreiro de 2016.

A interventora municipal explica o contido do expediente indicando a necesidade de recoñecer extrajudicialmente créditos pola existencia dunha serie de facturas correspondentes ao anterior exercicio 2015, que tiveron entrada no Rexistro Contable de Facturas no exercicio 2016, as cales non foron presentadas no Concello ata os meses de xaneiro e febreiro de 2016, aínda que pertencen a subministros e servizos prestados no exercicio 2015.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 3 abstencións do PP

acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a adopción dos seguintes acordos: 1º) Aprobar o recoñecemento das facturas obxecto do presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito por importe total de 33.367,54€ que conforman a relación de facturas nº12 obrante no expediente e 2º) Aplicar con cargo ao Orzamento o exercicio 2016 os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponden nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito.”.

O Sr. Barreiro Lubián di que se trata dun expediente similar ao anterior pero coa diferenza que se trata de facturas que se presentaron no 2016 correspondente a facturas do 2016.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención aprobou o ditame emitido pola Comisión adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o recoñecemento das facturas obxecto do presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito por importe total de 33.367,54€ que conforman a relación de facturas nº12 obrante no expediente.

Segundo: Aplicar con cargo ao Orzamento o exercicio 2016 os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponden nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito.

4209.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 3/2016 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.- Dáse conta do expediente formado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada com data 15 de febreiro de 2016 e que di textualmente: “Dáse conta do expediente, da Proposta da Alcaldía e do informe da Intervención Municipal de data 8 de febreiro de 2016.

A interventora municipal explica o contido do expediente manifestando que o expediente que se propón para a súa aprobación é unha modificación de presuposto mediante suplemento de crédito por importe de 40.275,39€ xa que as aplicacións onde se pretende dotar crédito non presentan dotación orzamentaria suficiente no orzamento do exercicio 2016 para imputar gastos pendentes de aprobación no pasado exercicio 2015.

Os gastos a realizar se financian mediante remanente de tesourería para gastos xerais.

O Sr. Martínez Blanco pregunta polos fins nos que se poden empregar o resto do remanente de tesourería para gastos xerais.

A interventora municipal explícalle as finalidades do emprego do remanente segundo o artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 3 votos en contra do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a adopción dos seguintes acordos: 1º) Levantar o reparo emitido pola Intervención municipal con relación a modificación orzamentaria nº-3/2016 con relación as facturas emitidas por importe total de 40.275,39€, que se pretenden aprobar coa realización da modificación orzamentaria mediante suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais. 2º) Proceder a aprobar a modificación orzamentaria nº3/2016, mediante suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais, nos conceptos e contías que figuran na memoria de Alcaldía por importe total de 40.275,39€. 3º) Que se someta ao trámite de información pública a aprobación do expediente de modificación orzamentaria tal como se establece na lexislación aplicable e 4º) Unha vez aprobada definitivamente a modificación orzamentaria que se propón, publicada no Boletín Oficial da Provincia tal como corresponde a aprobación definitiva, se proceda a aprobación, a maior brevidade posible, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, das facturas que forman parte da relación nº5 obrante no expediente, por importe total de 40.275,39€, unha vez o Pleno levante o informe de reparo emitido con relación as mesmas o entender que, coa modificación orzamentaria que se propón, existe crédito suficiente e adecuado para proceder a súa aprobación.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención aprobou o ditame emitido pola Comisión adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Levantar o reparo emitido pola Intervención municipal con relación a modificación orzamentaria nº-3/2016 con relación as facturas emitidas por importe total de 40.275,39€, que se pretenden aprobar coa realización da modificación orzamentaria mediante suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais.

Segundo: Proceder a aprobar a modificación orzamentaria nº3/2016, mediante suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais, nos conceptos e contías que figuran na memoria de Alcaldía por importe total de 40.275,39€.

Terceiro: Que se someta ao trámite de información pública a aprobación do expediente de modificación orzamentaria tal como se establece na lexislación aplicable.

Cuarto: Unha vez aprobada definitivamente a modificación orzamentaria que se propón, publicada no Boletín Oficial da Provincia tal como corresponde a aprobación definitiva, se proceda a aprobación, a maior brevidade posible, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, das facturas que forman parte da relación nº5 obrante no expediente, por importe total de 40.275,39€, unha vez o Pleno levante o informe de reparo emitido con relación as mesmas o entender que, coa modificación orzamentaria que se propón, existe crédito suficiente e adecuado para proceder a súa aprobación.

4210.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA LIQUIDACIÓN EJERCICIO 2015.- Dáse conta do expediente formado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada com data 15 de febreiro de 2016 e que di textualmente: “Dáse conta do informe da Intervención Municipal de data 5 de febreiro de 2016 e do Decreto da Alcaldía de data 5 de febreiro de 2016 pola que se presta aprobación á Liquidación do Orzamento ordinario do exercicio económico 2015 de conformidade co disposto no artigo 191 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo que, textualmente, di o seguinte: “ Vista a Liquidación do Orzamento ordinario correspondente o exercicio económico de 2015, informada pola Intervención Municipal, segundo o disposto no artigo 191 do Texto Refundido la Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e vistos os documentos que a integran, encontrándoa conforme, **ACORDO:**

Aprobar a citada Liquidación do Orzamento de 2015 na forma en que foi redactada e que presenta o seguinte:

- ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

ORZAMENTO DE GASTOS	EUROS
Créditos iniciais	10620000
Modificacións	1891034,74
Créditos definitivos	12511034,74
Obrigacións recoñecidas	11982178,96
Pagos realizados	11214739,66

- ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

ORZAMENTO DE INGRESOS	EUROS
Previsións iniciais	10620000
Modificacións	1891034,74
Previsións definitivas	12511034,74
Dereitos recoñecidos netos	12761053,25
Recadación neta	11998485,12

-RESULTADO PRESUPUESTARIO DO EXERCICIO

- DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS: 12.761.053,258€
- OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS: 11.982.178,96€

Resultado orzamentario antes de axustes: 778.874,29€

Axustes por desviacións positiva: 0€

Axustes por desviacións negativa: 632.475,11€

Axustes por obrigas financiadas con remanente para gastos xerais: 0€

Resultado despois de axustes: 1.411.349,40€

- REMANENTE DE TESOURERÍA.

O Remanente de Tesourería é o seguinte:

DEUDORES PENDENTES DE COBRO AO FINALIZAR O EXERCICIO: 1.523.741,49€

- Do orzamento corrente: 762.568,13€
- De orzamentos pechados: 694.157,50€
- De operacións non orzamentarias: 129.081,23€

Minoración polo importe pendente de aplicación, segundo a regra 85.5 da ICAL, o saldo da conta 554 e 559 debe minorar o pendente de cobro, e cando dito saldo corresponde a dereitos pendentes de cobro recollidos nas contas que contempla a regra mencionada: o importe dos ingresos pendentes de aplicación ascende a 62.065,37€.

OBRIGAS PENDENTES DE PAGO DO EXERCICIO: 1.944.968,89€

- Do exercicio corrente: 767.439,30€
- De exercicios pechados: 535.352,75€
- De operacións non orzamentarias: 649.102,84€

As obrigas pendentes de pago deben ser minoradas polos pagos pendentes de aplicación definitiva, recollido o saldo nas contas 555 e 558.1 e o seu importe é 6.926€.

3) FONDOS LÍQUIDOS DE TESOURERÍA AO FINAL DO EXERCICIO: 2.274.297,03€

REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL: 1.853.069,63€

O exceso de financiamento afectado será de 122.339€.

O REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS calcúlase, segundo as variacións introducidas por a Orde Ministerial 40/41, 2004 de 23 de novembro por a que se aproba o modelo normal da Instrución de Contabilidade para a Administración Local, como o resultado de minorar o Remanente de Tesourería Total no importe do exceso de financiamento afectada e o importe dos dereitos de dubidoso cobro.

O importe dos dereitos de difícil ou imposible recadación (de dubidoso cobro) ascende a 520.512,96€ e se calcula, segundo o estipulado na Base 45ª de execución do orzamento segundo o importe dos dereitos pendentes de cobro de contía superior a un ano.

O REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS será 1.210.217,67€.

O importe de facturas imputadas a conta 413 a 31/12/2015 (pendentes de aplicar o Orzamento do exercicio 2015 por falta de crédito orzamentario) **ascendeu a 747.536,29€, e o importe dos acredores por devolución de ingresos (3.965,99€), polo que o O REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS AXUSTADO será 458.715,39€.**

– **AFORRO NETO:**

O aforro neto do ano 2015 derivado da liquidación do exercicio 2015 é o seguinte:

- (+) Dereitos Recoñecidos Netos (Capítulo I a o V)= 12.149.821,09€
- (-) Obrigas recoñecidas netas (Capítulos I, II e IV)= - 9.639.148,48€ (*)
- (-) Anualidade Teórica de amortización = - 592.402,26€

(*) do importe das obrigas recoñecidas dos capítulos I, II e IV se minora con aquelas que foran financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais que ascenden a 0€ no exercicio 2015 polo que o importe das obrigas recoñecidas ascendería a mesma contía exposta anteriormente.

Aforro neto: 1.918.270,35€. “

Ademais a interventora municipal explica que da Liquidación do 2015 se deduce o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e o incumprimento do principio de regra do gasto.

O Sr. Rodríguez Grandal, a raíz do mencionado incumprimento, pregunta pola variación do gasto computable.

A interventora municipal contéstalle que ascende a un porcentaxe de 2,54% sendo superior a taxa de referencia de crecemento da economía española que se sitúa no 1,30%.

A Comisión dáse por enterada. ”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación dáse por enterada.

4211.- INTERVENCIÓN, RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 3/2016. - Dáse conta do expediente formado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada com data 15 de febreiro de 2016 e que di textualmente: “Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, dáse conta do expediente, da Proposta da Alcaldía de data 12 de febreiro de 2016 e do informe de reparo suspensivo da Intervención Municipal de data 12 de febreiro de 2016.

A interventora municipal explica o contido do expediente indicando que se trata do recoñecemento extraxudicial de crédito nº 3 que consta de facturas rexistradas no exercicio anterior 2015 pendentes de recoñecemento por falta de crédito orzamentario nesas exercicio.

Ascendendo o importe total das facturas pendentes de recoñecemento que se propoñen para a súa aprobación neste segundo expediente de recoñecemento extraxudicial a 227.213,39€ e tendo en conta que as obras ou subministros obxecto das mencionadas facturas se recibiron de conformidade, se procede a propoñer a aprobación destas facturas correspondentes o capítulo VI do estado de gastos, que posúen crédito suficiente no Orzamento do exercicio 2016 logo de concertar unha operación de préstamo por importe de 570.000€ para o financiamento de investimentos no presente exercicio e para financiar facturas pendentes de aprobación por falta de crédito no anterior 2015.

As facturas son as que se acompañan no anexo a esta providencia que ascenden a un total de 227.213,39€.

Con este expediente de recoñecemento extraxudicial se proporía a aprobación do resto de facturas de investimentos pendentes de recoñecemento por falta de crédito correspondentes o exercicio 2015 (correspondentes a gastos do capítulo VI do estado de gastos, investimentos); o resto de facturas pendentes de recoñecemento por falta de crédito correspondentes o exercicio 2015 (correspondentes a gastos dos capítulos II e IV do estado de gastos) ascenden a contía de 40.275,39€ e corresponden a

facturas rexistradas a partir do 10 de decembro de 2015 para as cales se propuso nos pasados días a tramitación dun expediente de modificación orzamentaria nº3/2016, mediante suplemento de crédito, que se proporá o Pleno do presente mes de febreiro para a súa aprobación.

Con estes expedientes mencionados, se tramitarían a totalidade das facturas rexistradas a 31 de decembro de 2015 pendentes de aprobación por falta de crédito a esa data.

O importe total de facturas rexistradas no exercicio 2015 pendentes de aprobación por falta de crédito a 31 de decembro dese exercicio ascendeu a 747.536,29€.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 3 votos en contra do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a adopción dos seguintes acordos: 1º) Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe de data 12 de febreiro motivado na existencia de facturas para as que non existía crédito para a súa aprobación no seu exercicio orzamentario 2015 as cales figuran na relación que obra no expediente por importe de 227.213,39€ por entender que, o tratarse de obras ou subministros correctamente prestados a Administración Local durante o pasado exercicio 2015, a non aprobación das facturas daría lugar o chamado “enriquecemento inxusto da Administración” e motivado tamén en non seguir agravando o prazos de pago fixados na lexislación vixente. 2º) Aprobar o recoñecemento dos créditos que figuran na relación de facturas nº3 que se adxunta, que comprende un total de 40 facturas e que comeza coa factura nº 2151540 de COVSA emitida en concepto de “Obra saneamento e pluviais camiño Teinogueira-Samieira” por importe de 9.651,54€ e e remata coa factura nº1:J:15/403 de Wdixital Spain S.L.U en concepto de “Subministro impresora planta baixa” por importe de 3.254,90€, correspondente a facturas do exercicio 2015 que ascende a un importe total de 227.213,39€. 3º) Aplicar con cargo ao Orzamento do exercicio 2016 os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponde nas cales se efectuaron as correspondentes retencións de crédito”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (7 BNG e · PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención aprobou o ditame emitido pola Comisión adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe de data 12 de febreiro motivado na existencia de facturas para as que non existía crédito para a súa aprobación no seu exercicio orzamentario 2015 as cales figuran na relación que obra no expediente por importe de 227.213,39€ por entender que, o tratarse de obras ou subministros correctamente prestados a Administración Local durante o pasado exercicio 2015, a non aprobación das facturas daría lugar o chamado “enriquecemento inxusto da Administración” e motivado tamén en non seguir agravando o prazos de pago fixados na lexislación vixente.

Segundo: Aprobar o recoñecemento dos créditos que figuran na relación de facturas nº3 que se adxunta, que comprende un total de 40 facturas e que comeza coa factura nº 2151540 de COVSA emitida en concepto de “Obra saneamento e pluviais camiño Teinogueira-Samieira” por importe de 9.651,54€ e e remata coa factura nº1:J:15/403 de Wdixital Spain S.L.U en concepto de “Subministro impresora planta baixa” por importe de 3.254,90€, correspondente a facturas do exercicio 2015 que ascende a un importe total de 227.213,39€.

Terceiro: Aplicar con cargo ao Orzamento do exercicio 2016 os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponde nas cales se efectuaron as correspondentes retencións de crédito.

4212.- INTERVENCIÓN, RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 4/2016.- Dáse conta do expediente formado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada com data 15 de febreiro de 2016 e que di textualmente: “Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, dáse conta do expediente, da Proposta da Alcaldía de data 12 de febreiro de 2016 e do informe da Intervención Municipal de data 12 de febreiro de 2016.

A interventora municipal explica o contido do expediente indicando que se trata do

recoñecemento extraxudicial de crédito para facturas de investimento correspondente ao exercicio 2015 pendentes de recoñecemento as cales tiveron entrada no rexistro contable no exercicio 2016 ascendendo a 17.922,52€.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 3 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a adopción dos seguintes acordos: 1º) Aprobar o recoñecemento das facturas obxecto do presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito por importe total de 17.922,52€ que conforman a relación de facturas nº9 obrante no expediente e 2º) Aplicar con cargo ao Orzamento o exercicio 2016 os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponden nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito.”.

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido do expediente o que se trata de aprobar facturas de investimentos presentadas no 2016.

O Sr. Moldes Martínez di que levamos a metade do pleno con recoñecementos extraxudiciais con reparos da intervención, que mostra os erros que se cometen, uns erros que se repiten ano tras ano, estamos no mes de febreiro e hai partidas agotadas o que propiciará que no exercicio 2017 esteamos a estas alturas con recoñecementos. Estamos pedindo préstamos e utilizando subvencións como as da Deputación para solventar estes erros.

Queremos que estas manifestacións non sexan tomadas como unha crítica senón para buscar unha solución e realizar unha planificación, xa que a maioría dos gastos correspóndense con servizos ordinarios para o funcionamento do concello, coas excepcións das necesidades urxentes que se poidan dar polas condicións meteorolóxicas.

Non nos vale as escusas do remanente de tesourería, se reduciron a débeda foi por imposición do goberno.

O Sr. Barreiro Lubián di que os recursos non se perden, senón que nos anticipamos á demanda do veciño. Acométense gastos sen financiamento pero non se perden recursos e non gastamos máis por esta forma de xestión, trátase duna cuestión temporal.

Rebaixamos á débeda por imposición legal, iso é certo, pero por unha actuación do goberno sen negociación coas administracións, obrígnanos a reducir, cando eles son os primeiros en aumentala. Antes o máximo de endebedamento era de 125% e agora permiten un 75%.

Nos fixemos grandes esforzos para reducir a débeda e sempre sen deixar de prestar servizos mentres tanto a única preocupación do goberno era que os bancos cobraran dáballe igual os concellos ata chegaron a cambiar a constitución para permitir isto.

No ano 2013, tiñabamos un remanente de tesourería de 500.00 €, e en vez de gastalos en prestar servizos aos veciños a preferencia era pagarlle aos bancos. Nos temos débeda, iso é certo, pero sempre controlada, nunca deixamos de pagar.

Con estas limitacións as administracións téñense que buscar a vida para seguir prestando servizos, para iso están permitidos os recoñecementos, préstamos....

A débeda do Concello de Poio é de 500 € por habitante, sen embargo a Deputación é de 3000 €, Xunta 9000 € e Estado 24.000 €, esta última débeda segue crescendo e nos reducímola a un 65%, dez puntos por debaixo da permitida.

Nos prestamos servizos de calidade e pagamos dentro dos prazos marcados, uns prazos adsequibles e aínda por riba temos que gastar tendo en conta o teito de gasto marcado polo goberno que non permite gastar dun 2,4% en relación ao ano anterior.

A Sra. Besada Lores di que están acostumados ao dobre discurso do PP. No ano 2007 protestaban porque deixabamos os presupostos sen executar e agora protestan por gastar máis.

Non debe haber concello en España, que a intervención cadra os orzamentos. Sempre hai gastos extraordinarios como en calquera economía, é imposible prever todo.

Si que é certo que estamos pagando facturas en febreiro do 2016 pero o servizo está prestado, ao mellor desde agosto, os que deberían protestar ou non prestar servizos serían os provedores ou as empresas.

Nos baixamos débeda por imposición do goberno, pero por debaixo do máximo en 10 puntos.

O Sr. Moldes Martínez di que hai unha partida importante correspondente ao mes de maio, data das eleccións municipais, debe ser unha coincidencia ou casualidade.

O Sr. Martínez Blanco pregunta se o estado fixo o mesmo co teito de gasto. Porque nos se temos un remanente é porque as contas saen.

A única preocupación do Partido Popular así como de todos os partidos liberais, e que os bancos recaden. Gustaríanos saber que pasaría se isto ocorrera nas economías domésticas, cando as familias logran aforrar, terían que destinalo a pagar as hipotecas.

A continuación prodúcense unha serie de intervencións, na que participan o Sr. Alcalde, o Sr. Martínez Blanco e o Sr. Muiños Balea sobre o papel dos bancos e se se trata de gañar máis diñeiro e non da sostibilidade do sistema financeiro.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (7 BNG e · PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP aprobou o ditame emitido pola Comisión adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o recoñecemento das facturas obxecto do presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito por importe total de 17.922,52€ que conforman a relación de facturas nº9 obrante no expediente.

Segundo: Aplicar con cargo ao Orzamento o exercicio 2016 os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponden nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito.

MOCIÓNS URXENTES.- Preséntanse as seguintes:

4213.- URBANISMO, EXP. 109/15, PROXECTO DE DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE RIOMOURO PEQUENO APROBACIÓN PROVISIONAL.- Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros e de conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta dos trámites realizados ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia tras a toma en consideración inicial do expediente polo pleno en sesión ordinaria realizada con data 27 de outubro de 2015.

O expediente elevouse á consideración da Comisión informativa de urbanismo realizada con data 23 de febreiro de 2016 tras a emisión de informe polo asesor xurídico de 26 de xaneiro de 2016 e pola secretaria do concello de data 22 de febreiro de 2016.

De conformidade co indicado no propio ditame da Comisión informativa e tras a consulta realizada coa Axencia para a modernización novas tecnoloxías, consta xa achegado o seu informe, tendo coñecemento igualmente da innecesariedade da tramitación de avaliación ambiental estratéxica simplificada do proxecto ao terse tramitado non como modificación puntual do PXOM.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación de conformidade co sinalado no artigo 13, 85.3º, 93 e disposición adicional segunda da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar provisionalmente o proxecto para a delimitación do núcleo rural de Riomouro Pequeno.

Segundo: Remitir o expediente completo co acordo adoptado á Secretaría Xeral do Territorio e Urbanismo, para que resolva a aprobación definitiva no prazo de tres meses.

Terceiro: facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

4214.- MOCIÓN CONSENSUADA DOS TRES GRUPOS MUNICIPAIS DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES.- Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros e de conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta do texto da moción que di textualmente: “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Van xa 159 anos desde que aquel 8 de marzo de 1857 un grupo de obreiras téxtiles saíse á rúa en Nova York para protestar polas súas condicións laborais. Hoxe en día, esta data reivindica e simboliza a loita incansábel das mulleres do mundo na defensa dos seus dereitos laborais e a defensa da igualdade. Cada ano conmemoramos o 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, cun carácter festivo pero sobre todo reivindicativo, co obxectivo de converter a igualdade nominal das nosas leis nunha igualdade real.

Pese ao camiño que queda por percorrer, a importancia dos pasos dados até o de agora en materia de igualdade é indubidable. Desde a consecución do sufraxio activo feminino e outros dereitos e liberdades reprimidos durante o franquismo, até a plena igualdade xurídica consagrada na Constitución Española, as mulleres do noso país dispoñen hoxe dun extenso conxunto de normas en perspectiva feminina, como a Lei Integral contra a Violencia de Xénero ou a Lei de Igualdade. Máis recentemente, o Decreto Lexislativo 2/2015 do 12 de febreiro que refunde todas as leis en materia de igualdade vixentes en Galicia nun único documento tórnase nun instrumento esencial para tentar de materializar o tan ansiado pacto institucional en materia de igualdade.

No plano internacional, os retos son aínda máis imponentes: Mulleres que non poden mostrarse en público, que non poden participar da política ou do mercado laboral. Millóns de mulleres ás que os dereitos que damos por sentados lles son vedados e son obxecto de represión violenta. Cando a Organización das Nacións Unidas establece para o Día Internacional da Muller de 2016 o lema “50-50 no 2030”, recollendo a aspiración de atinxir a igualdade de oportunidades en todo o mundo a finais da vindeira década, está a propoñernos unha meta case inalcanzable, para que redobremos o esforzo. En paralelo á loita pola igualdade plena no noso país, debemos ser quen de atopar tempo para axudar onde a causa dos dereitos da muller dá a súa batalla máis dura.

Neste marzo de 2016 a realidade continúa a evidenciar que a crise agravou a situación de desigualdade e precariedade das mulleres. Se ben nas últimas décadas se ten avanzado moito, diferentes estudos, informes e enquisas recollen datos sobre a crecente situación de precariedade laboral e traballo vulnerábel que viven as mulleres. A fenda salarial segue a ser unha realidade aínda por combater diante da que as institucións non interpoñen medidas, aínda que podemos prezarnos de que en Galicia dita fenda entre os salarios de homes e mulleres é moito menos fonda que a que se dá noutras comunidades.

A alta concentración de mulleres con salarios baixos ou moi baixos e a escasa presenza de mulleres nos tramos de retribucións salariais máis altas non fan senón agravar a fenda. Ademais, son as mulleres as que lideran as estatísticas de emprego temporal e parcial. No que atinxe ao traballo non remunerado, as desigualdades no reparto das responsabilidades repercuten negativamente sobre as mulleres que tamén sofren a sobrecarga derivada da redución do apoio ás necesidades de coidados.

Continuamos a agardar polos resultados reais e efectivos da posta en marcha de políticas tan necesarias e reclamadas social e politicamente como medidas que melloren o emprego feminino. E continuamos a reclamar a consecución da igualdade real. Para conseguila, hai que actuar en tres esferas interrelacionadas: corrixir a situación socioeconómica, traballar polo fortalecemento da representatividade e participación das mulleres na vida pública, e loitar contra os estereotipos machistas, sobre todo combater e erradicar todas as manifestacións da violencia de xénero, un dos máis graves problemas da nosa sociedade que é urxente atallar desde todos os ámbitos.

Diante disto, é obriga para os concellos, a institución máis achegada á veciñanza, comprometerse na presión ás institucións directamente responsábeis de poñer en marcha políticas que revertan a desigualdade laboral das mulleres.

Por iso, os tres grupos municipais BNG, PSOE e PP solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguintes: ACORDOS

1. Instar ao goberno da Xunta de Galiza a facer cumprir ó art. 30 do PLAN GALEGO DE

EMPREGO FEMININO establecido no recente Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro en materia de igualdade, destinado a fomentar o emprego feminino, con medidas que inclúan axudas específicas para a creación de empresas femininas de mulleres con especial atención ás mulleres con especiais dificultades de inserción laboral ou por mulleres vítimas de violencia de xénero, maiores de 45 anos. Solicitamos que o novo Decreto Lexislativo poña o seu punto de mira na creación dunha Renda de Inserción Laboral para mulleres desempregadas de máis de 50 anos, cunha vida laboral igual ou superior a 30 anos de cotización e que tivesen esgotado as prestacións.

2. Instar ao goberno da Xunta a elaborar un Plan de corresponsabilidade que inclúa actuacións para facilitar a conciliación da vida persoal e familiar conforme a lexislación vixente, e acabar así coa rémora histórica de que as mulleres se encarguen en exclusiva dos coidados.

3. Apoiar publicamente e chamar á participación das veciñas e veciños nos actos e reivindicacións das organizacións e colectivos feministas con motivo desta data.

4. Instar ao goberno da Xunta a construír un sistema coeducativo que garanta a formación en igualdade en todos os niveis, de infantil á universidade, e que incorpore os intereses, coñecementos e historia das mulleres no currículo educativo, e que proporcione unha formación afectivo-sexual desde a perspectiva de xénero e a resolución pacífica e non sexista dos conflitos.

5. Instar ao Concello de Poio a elaborar un informe de impacto de xénero dos orzamentos municipais, que permita analizar as actuacións que se van desenvolver desde a perspectiva de xénero, prestando especial atención á situación das mulleres e dos homes en relación cos programas de gasto.

6. Instar á Xunta de Galicia, se así o precisa o Concello, a poñer á súa disposición, instrucións e indicacións para a elaboración deste informe de impacto de xénero.”

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros aprobou a moción presentada adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar ao goberno da Xunta de Galiza a facer cumprir ó art. 30 do PLAN GALEGO DE EMPREGO FEMININO establecido no recente Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro en materia de igualdade, destinado a fomentar o emprego feminino, con medidas que inclúan axudas específicas para a creación de empresas femininas de mulleres con especial atención ás mulleres con especiais dificultades de inserción laboral ou por mulleres vítimas de violencia de xénero, maiores de 45 anos. Solicitamos que o novo Decreto Lexislativo poña o seu punto de mira na creación dunha Renda de Inserción Laboral para mulleres desempregadas de máis de 50 anos, cunha vida laboral igual ou superior a 30 anos de cotización e que tivesen esgotado as prestacións.

Segundo.- Instar ao goberno da Xunta a elaborar un Plan de corresponsabilidade que inclúa actuacións para facilitar a conciliación da vida persoal e familiar conforme a lexislación vixente, e acabar así coa rémora histórica de que as mulleres se encarguen en exclusiva dos coidados.

Terceiro.- Apoiar publicamente e chamar á participación das veciñas e veciños nos actos e reivindicacións das organizacións e colectivos feministas con motivo desta data.

Cuarto.- Instar ao goberno da Xunta a construír un sistema coeducativo que garanta a formación en igualdade en todos os niveis, de infantil á universidade, e que incorpore os intereses, coñecementos e historia das mulleres no currículo educativo, e que proporcione unha formación afectivo-sexual desde a perspectiva de xénero e a resolución pacífica e non sexista dos conflitos.

Quinto.- Instar ao Concello de Poio a elaborar un informe de impacto de xénero dos orzamentos municipais, que permita analizar as actuacións que se van desenvolver desde a perspectiva de xénero, prestando especial atención á situación das mulleres e dos homes en relación cos programas de gasto.

Sexto.- Instar á Xunta de Galicia, se así o precisa o Concello, a poñer á súa disposición, instrucións e indicacións para a elaboración deste informe de impacto de xénero.

4215.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR EN RELACIÓN PARA A IMPLANTACIÓN DA “ESTRATEGIA 20/20” A PROL DO EMPADROAMENTO E O AUMENTO DE POBOACIÓN ATA ACADAR A CONSIDERACIÓN DE “CONCELLO DE 1ª

CATEGORÍA”.- Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular o Sr. Moldes Martínez entrégase unha copia do texto da moción, para debate no senso do propio Pleno ou se o consideran oportuno na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas do mes de marzo, xa que o que pretenden é que se adopten os acordos por unanimidade da Corporación. Pídense unha serie de medidas a estudar de implementación para implantar un plan que se denomina Estratexia 20/20 para o incremento da poboación no noso municipio.

O Sr. Alcalde di que é unha proposta que teñen que estudar e coa finalidade de realizar aportacións o mellor é que se trata na propia comisión.

A Sra. Besada Lores tamén solicita que se trate na Comisión Informativa de Facenda.

A corporación por unanimidade de asistentes acorda que se dea traslado da moción presentada á Comisión Informativa de Facenda para o seu estudo e debate.

ROGOS E PREGUNTA.- Pola Sra. Natividad Torres Balea fórmase a seguinte pregunta:

A Deputación Provincial presentou o Decálogo para o proxecto de ampliación das beirarrúas de Campelo, e pregunta se o Concello ten pensado realizar algún tipo de alegacións e como van as negociacións.

O Sr. Alcalde contesta que teñen coñecemento, e que efectivamente se farán propostas, pero nun primeiro momento parece máis razoable cos anteriores, onde se prioriza á mobilidade. Compartimos o criterio da nova Deputación.

En relacións ás negociacións pódese dicir que están bastante avanzadas pero hai casos que moi duros, porque se pide o 100% dos terreos para poñer a disposición. Na miña, opinión e trátase dunha idea que defendo sempre, este tipo de proxecto deberían ter un proxecto de expropiación.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte horas e cincuenta e dous minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria Xeral, dou fe.